



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 19 de xaneiro de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental en Loureda. Inicio execución subsidiaria**
- 3. Arquivo de expediente de limpeza de leira no lugar de Casaldesuso - Codeso**
- 4. Solicitud subvención para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas municipais, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ano 2017**
- 5. Solicitud subvención para a dotación de novidades editoriais en galego a bibliotecas públicas, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ano 2017**
- 6. Aprobación da adhesión ó programa de integración laboral 2017**
- 7. Xustificación da subvención “prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local”, da Consellería de Traballo e Benestar**
- 8. Licenzas urbanísticas**
- 9. Aprobación da liquidación do canón da auga do 3º cuadrimestre ano 2016**
- 10. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**

- 11. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, cuarto trimestre 2016**
- 12. Dar conta das altas SAF dependencia**
- 13. Altas e baixas no programa de prevención da dependencia**
- 14. Adxudicación de ofertas bancarias**
- 15. Aprobación de facturas**
- 16. Modificación imputación de factura emitida por “Gráficas Alonso” SL, aprobada en Xunta de Goberno do 2/06/2016.**
- 17. Aprobación certificación de obra**
- 18. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de decembro do 2016.

2.Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental en Loureda. Inicio execución subsidiaria

Antecedentes

Con data 28 de agosto do 2016 o vehículo con matrícula xxxxx, circulando pola estrada municipal xxxxx, ao seu paso polo lugar de Moa –Loureda impactou contra unha luminaria pública destrozando a mesma, (columna e farol).

Según datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o vehículo é propiedade de don Alexis xxxxx, e figura asegurado na compañía ALLIANZ, Seguros e Reaseguros SA, co número de póliza 038280551

Consta no expediente reportaxe fotográfica da columna e farol destrozados e o presuposto número 659, de data 23/09/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición da columna e farol destrozados no lugar de Moa-Loureda ó 28/08/2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de 1.506,22 €.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de outubro do 2016 acordouse aprobar a valoración do arranxo da columna e farol ornamental rotos en Moa – Loureda ó 28/08/2016, por importe total (IVE engadido) de 1.506,22 € ; comunicar á Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e o propietario do vehículo matrícula xxxxx, don Alexis xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol de alumeadado público, destrozado no lugar de Moa - Loureda, a carón na estrada municipal xxxxx, por importe total de 1.506,22 €, IVE engadido e deuselle trámite de audiencia á Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e o propietario do vehículo matrícula xxxxx, don Alexis xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

A compañía de seguros ALLIANZ seguros e reaseguros SA, recibe a notificación da reclamación da contía por danos ocasionados na columna e farol ornamental en Loureda o 28 de outubro do 2016.

O propietario do vehículo, matrícula xxxxx, don Alexis xxxxx, recibe a notificación da reclamación da contía por danos ocasionados na columna e farol ornamental en Loureda o 28 de outubro do 2016.

Non presentaron alegacións nin documentación oportuna.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia co arranxo da columna e farol rotos en Moa-Loureda polo vehículo matrícula xxxxx, propiedade de don Alexis xxxxx. Dito propietario, ou ben a compañía aseguradora do vehículo, deberán aboar ó Concello de Boqueixón a contía da reposición dos danos ocasionados, que ascenden a un total de **1.506,22 euros**, no número de conta bancaria do concello: xxxxx.

2. Comunicar a empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que proceda coa reposición da citada columna e farol ornamental destruídos en Moa – Loureda.

3. Comunicar así mesmo á compañía de seguros ALLIANZ, seguros e reaseguros SA e a don Alexis xxxxx, propietario do vehículo matrícula xxxxx, que unha vez executadas as obras de reposición do farol destruído, daráselles traslado da correspondente factura para que no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ó da súa recepción, procedan co aboamento da contía de 1.506,22 €, IVE engadido.

4. No caso de non efectuar o aboamento da citada factura no prazo establecido acordárase polo concello dar traslado do expediente á Deputación Provincial da Coruña para o cobro da contía pola vía executiva.

5. Dar traslado deste acordo a á compañía de seguros ALLIANZ, seguros e reaseguros SA e a don Alexis xxxxx, propietario do vehículo matrícula xxxxx, ós efectos oportunos.

3.Arquivo de expediente de limpeza de leira no lugar de Casaldesuso – Codeso

O 12 de setembro do 2016, co número de entrada 16/1945, dona Rosario xxxxx, con domicilio en Codeso – Casaldesuso xxxxx, expón que a carón da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un risco de incendio .

Manifesta que dita leira ten a referencia catastral número 15012A509000840000WI. Adxunta plano de situación catastral

Solicita que se proceda coa súa limpeza.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de Grupo Galinvest SA, polígono 509, parcela 84, situada en Casaldesuso – Codeso.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de setembro do 2016 acordouse requirir ó propietario da leira número 84, polígono 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, Grupo Galinvest SA, que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de dona Rosario xxxxx.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 1 de decembro do 2016 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa roza e limpeza de maleza existente na leira número 84, polígono número 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, Boqueixón, propiedade do grupo GALINVEST SA.

Feita inspección técnica o día 12 de xaneiro do 2017 compróbase que a carón da vivenda de dona Rosario xxxxx, existe unha leira na cal se procedeu coa limpeza de biomasa vexetal da mesma.

Non existe risco de insalubridade e de perigo de incendio.

Cúmrese coa normativa de distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Polo anteriormente exposto a xunta de goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra GALINVEST SA, propietario da leira dedicada número 84, polígono 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, , modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo os interesados.

4. Solicitude subvención para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas municipais, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ano 2017

Con data 9 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 5) publicase a Orde do 22 de decembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

A finalidade é posibilitar a mellora dos fondos bibliográficos que configuran as coleccións das bibliotecas públicas municipais de Galicia, mediante a adquisición de novidades bibliográficas, co fin de colaborar na súa actualización e mantemento e deste xeito dar cumprida resposta ás demandas dos usuarios.

A contía indicativa inicial da subvención determinarase en función do número de habitantes de cada concello segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2015 publicadas polo IGE, así os concellos entre 2.001 e 5.000 habitantes recibirán un máximo de 1.500 €.

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

Primeiro: Aceptar as bases reguladoras desta subvención establecidas na Orde do 22 de decembro de 2016.

Segundo: Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención de 1.500 € para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal.

Terceiro: Comunicar esta resolución á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Solicitude subvención para a dotación de novidades editoriais en galego a bibliotecas públicas, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ano 2017

No DOG número 4 do día 5 de xaneiro de 2017, publícase a Orde do 19 de decembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras da concesión dunha subvención anual aos concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia. Os fondos bibliográficos deberán ser editados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 29 de setembro de 2017.

A súa finalidade é de interese público: o fomento e edición de libros publicados en galego, así como a promoción da lectura e a mellora das coleccións e dos servizos bibliotecarios, por ser a rede de bibliotecas públicas a destinataria dos exemplares.

A contía do importe dos fondos bibliográficos a que poderá acceder cada beneficiario determinarase en función do número de habitantes de cada concello solicitante, segundo as cifras oficiais de poboación correspondentes ao ano 2015 publicadas polo Instituto Galego de Estatística, de conformidade coa seguinte táboa:

- De 2.001 a 5.000: recibirán libros por un importe máximo inicial de 1.000 €.

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de 1.000 €, de conformidade co tramo de poboación establecido na presente Orde.
2. Comunicar este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6.Aprobación da adhesión ó programa de integración laboral 2017

No BOP núm. 243 do luns 26 de decembro de 2016 publícanse as bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2017, en relación co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Nas citadas bases establécese que o personal a contratar polos concellos deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos servizos mínimos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985. Establecendo tamén a contía asignada ó módulo 4 no que está incluído o concello de Boqueixón, correspondendo un importe máximo á solicitar que ascende a 28.000 €.

O importe da aportación provincial destinarase a financiar os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes aos cursos de formación en materia de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas según a lexislación laboral vixente. A xornada mínima semanal será de 25 horas e o programa extenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aceptar as bases da convocatoria e as obrigas e compromisos que nela se inclúen.
- 2.- A adhesión ao Plan de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o 2017, de acordo coas contías nel establecidas.
- 3.- Solicitar á Deputación de A Coruña unha subvención por importe de 26.764,48 euros, destinado á contratación de persoal (4 operarios de servizos múltiples coa categoría de peóns) para unha xornada laboral semanal de 30 horas para un período de 5 meses comprendidos entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2017.
- 4.- Aprobar a memoria descritiva dos servizos mínimos municipais a realizar conforme o modelo requerido pola Deputación da Coruña (Anexo 3).
- 5.- Facultar expresamente ó Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7.Xustificación da subvención “prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local”, da Consellería de Traballo e Benestar

No DOG nº 222 do 20 de novembro 2015 saíu publicada a Orde do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015. Con data de 5 de xaneiro de 2016 (rexistro nº 16/014) recíbese a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria concedendo unha subvención de 5.413,96 € para a prórroga da contratación do AEDL María Cruz Ferreiro Sanín. Expediente número: TR351B 2015/61-1.

O artigo 16 da citada Orde referente ás obrigas das entidades beneficiarias, recolle o deber de presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo de dous meses, unha vez finalizado a súa execución a xustificación final do servizo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Que a subvención percibida para a prórroga da contratación do servizo denominado “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” e executado no período comprendido entre 12/12/2015 e 11/12/2016 destinouse aos fins para os que se concedeu e conforme ao disposto na normativa aplicable.

2.- Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)				CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS (no seu caso)	CUSTO SALARIAL MENSUAL	BASE DE COTIZACIÓN	% COTA PATRONAL SEGURIDADE SOCIAL	CNAE	COTA PATRONAL SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
dec 2015	752,72	125,46	878,18	1.003,63 *	32,10%	a	322,17	1.200,35
Xan 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
febr 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
mar-16	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
abr-16	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
maio 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
xuño 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
xullo 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44

ago-16	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
set 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
out 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
Novembro 2016	1.243,50	207,25	1.450,75	1.450,75	32,10%	a	465,69	1.916,44
Decembro 2016	441,25	75,99	517,24	517,24	32,10%	a	166,04	683,28
SUBVENCIÓN XUSTIFICADA			17.353,67	17.479,12			5.610,8	22.964,47

* Existe unha diferenza entre a base de cotización e o coste salarial mensual de 125,46 euros que corresponde coa parte proporcional da paga extraordinaria que por erro duplicouse.

3.- Aprobar a memoria final sobre a actividades realizadas polo AEDL que se acompañará na xustificación xunto con:

- Certificados de fin de servizo e anexo segundo modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.
- Certificado de recepción de fondos
- Nóminas aboadas á traballadora contratada
- Boletins de cotización á Seguridade Social (modelos TC-1 e TC-2)
- Resumen anual das retencións practicadas en concepto do IRPF, Modelo 190.
- Extractos ou cargos bancarios correspondentes.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Consellería de Economía, Emprego e Industria na información que realizou do desenvolvemento das actividades.

5.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

8.Licenzas urbanísticas

Concesión licenza municipal segregación parcela

Antecedentes:

Con data do 29/09/2016, con rexistro de entrada nº: 16/2093, por D. Jose Ángel Raña Camaño, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 597, con DNI nº: xxxxxx, en representación da Comunidade hereditaria de Manuel, Andrés, Enrique e M^a Josefa xxxxxx, presenta un proxecto técnico de segregación, da parcela 594 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña).

Con data do 20/10/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico (con relación ao expediente presentado), no que se especifica que a documentación achegada non está completa, para o cal, o concello, mediante oficio de data do 26/10/2016, con rexistro de saída núm. 16/1047, de data do 27/10/2016, pon en coñecemento do promotor do expediente, aos efectos e correccións oportunas.

Con data do 23/11/2016, con rexistro de entrada núm. 16/2586, achégase a documentación requirida pola arquitecta municipal, no informe técnico do 20/10/2016.

Con data do 24/11/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico**, no que se considera **favorable** a solicitude para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. Así mesmo, especifica que segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal, por importe de 246,48 € (ingresada aos efectos, con data do 30/09/2016), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Jose Ángel Raña Caamaño, con DNI nº: xxxxxx, en representación da Comunidade hereditaria de Manuel, Andrés, Enrique e M^a Josefa xxxxx, a licenza municipal, para a “segregación da parcela 594, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude”, sita no Lugar de xxxxxx, na parroquia de Sergude (Concello de Boqueixón), emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común, en base á toda a documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. de expediente: 16/2093
02. Promotor da licenza: José Angel Raña Caamaño
03. En rep. de: Herdeiros de Manuel, Andrés, Enrique e M^a Josefa xxxxx
04. D.N.I. do promotor: xxxxx
05. Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural común
06. Tipo de licenza: Segregación de finca
07. Datos da finca: parcela 594; do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude (Boqueixón - A Coruña)
08. Referencia Catastral: inclúe 3 parcelas (números 892 – 893 e 594 do Polígono 505)
09. Situación e emprazamento: xxxxx - Sergude
10. Técnico autor do proxecto: José Ángel Raña Caamaño. Enx. Técnico Agrícola. Col: 597

Descrición da parcela inicial, e das parcelas resultantes:

1.- Parcela Matriz - Nº.: 594; do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña).

Finca resultante dos procesos de concentración parcelaria, emprazada no lugar de Rodiño Grande, na parroquia de Sergude, cunha extensión superficial de 5.788 m², dos que se expropiaron 283 m², resultantes do proxecto de obras de MELLORAS DA SEGURIDADE VIAL EN RODIÑO DO PK 4+040 Ó PK 6+040 NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-960, resultando unha superficie de 5.505 m², segundo a escritura de concentración parcelaria. Non obstante, consta no punto 1.4 da Memoria, que se realizou un levantamento topográfico polo que se obtivo unha superficie real de **5.550 m²**, realizándose os cálculos da parcelación a partires desta superficie.

A finca descríbese como: labradío e monte, ao sitio de *Campo Pequeno*, que mide, segundo recente levantamento topográfico, 5.550 m², e que linda: Norte, camiño existente;

Sur, estrada da Susana a Ponte Ledesma e Roberto xxxxx (595 A - 595 B); Leste, Purificación xxxxx (593); Oeste, Roberto xxxxx (595 B), e zona excluída.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:

Tomo 662, libro 52, folio 115, finca 7.625, inscrición 1ª

2.- Parcelas resultantes:

2.1- Parcela 594-A:

Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural Común

Superficie bruta: 1.383,50 m²

Cesión Municipal: 42 m²

Superficie neta: **1.341,50 m²**

Lindeiros: Norte: camiño

Sur: Roberto xxxxx (595-A - 595-B), e estrada da Susana a Ponteledesma

Leste: parcela 594-B, que logo se dirá.

Oeste: Roberto xxxxx (595-A - 595-B) e terreos excluídos.

2.2- Parcela 594-B:

Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural Común

Superficie bruta: 1.391,50 m²

Cesión Municipal: 50 m²

Superficie neta: **1.341,50 m²**

Lindeiros: Norte: camiño

Sur: estrada da Susana a Ponteledesma

Leste: parcela 594-C, que logo se dirá

Oeste: parcela 594-A, descrita anteriormente

2.3- Parcela 594-C:

Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural Común

Superficie bruta: 1.603,00 m²

Cesión Municipal: 62 m²

Superficie neta: **1.541,00 m²**

Lindeiros: Norte: camiño

Sur: estrada da Susana a Ponte Ledesma, e construción existente

Leste: parcela 594-D, que logo se dirá.

Oeste: parcela 594-B, descrita anteriormente

2.4- Parcela 594-D:

Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural Común

Superficie bruta: 1.172,00 m²

Cesión Municipal: 62 m²

Superficie neta: **1.110 m²**

Lindeiros: Norte: camiño

Sur: estrada da Susana a Ponte Ledesma.

Leste: Purificación xxxxx (593)

Oeste: parcela 594-C, descrita anteriormente.

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas 594-A (**42 m²**); 594-B (**50 m²**);

594-C (62 m²); e 594-D (62 m²), e destinalas á ampliación do camiño público municipal ao que dá fronte.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado

9.Aprobación da liquidación do canon da auga do 3º cuadrimestre ano 2016

Visto que con data do 4/08/2016 foi aprobado o Padrón de auga do 2º trimestre de 2016, cun nº total de aboados de 1054, dos cales 45 recibos están exentos do pagamento do canon da auga, 34 corresponden a consumos propios do Concello (cuxo canon é liquidado anualmente) e 23 recibos están pendentes por aboar, resultando dos mesmos un total de 952 recibos aboados, sendo a data de vencemento do período voluntario do 20/10/2016.

Unha vez contabilizados os importes percibidos polo Servizo de auga do Concello en concepto do canon, con vencemento no cuadrimestre, foron ingresados 7.825,52 €, correspondente ós 952 recibos aboados.

Así mesmo, foi aboadado o canon de 2 recibos, que foron declarados como impagados na declaración do 2º cuadrimestre do 2016, por un importe total de 151,29 €.

Por outro lado, o canon da auga correspondente ós consumos propios do ano 2016 ascende á cantidade de 4.097,07 €.

E tendo en conta que o concello como entidade subministradora debe presentar a Augas de Galicia a autoliquidación do canon correspondente ao período do terceiro cuadrimestre do exercicio 2016, así como debe autoliquidar os importes de canon referidos aos consumos propios na autoliquidación do mes de xaneiro, procédese a efectuar a liquidación correspondente.

Polo que a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ó período do 3º cuadrimestre do 2016, que ascende á cantidade total de 12.073,88 €.

2.- Proceder ó ingreso do dito importe no nº de conta xxxxxx de Augas de Galicia.

10.Altas no servizo de abastecemento/saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
José Maria xxxxx xxxxx Santiago de Compostela (A Coruña)	xxxxxx	xxxxxx - Loureda – 15881 Boqueixón	109,73 €	549,40 €

Antonio xxxxx xxxxx – Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98 €
--	-------	--------------------------------------	---------	----------

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida a José María xxxxx é para execución de obras, en base á licenza municipal concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar illada. A alta correspondente a Antonio xxxxx é para vivenda.

As ditas taxas pola alta de abastecemento foron aboadas polos interesados nas arcas municipais con data do 23/06/2016 por José xxxxx e do 29/12/2016 por Antonio xxxxx. Así mesmo, os ingresos pola conexión á rede de abastecemento foron efectuados polos mesmos interesados, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente, con data do 28/12/2016 por José María xxxxx e do 29/12/2016 por Antonio xxxxx.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

11.Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, cuarto trimestre 2016

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o Concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 4º trimestre do ano 2016 terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.076

Servizo de saneamento: 1.370

- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

12.Dar conta das altas SAF dependencia

Dáse conta das altas no SAF dependencia

13.Altas e baixas no programa de prevención da dependencia

Acordo das altas e baixas no programa de prevención da dependencia

14. Adxudicación de ofertas bancarias

Con data 21 de decembro, rexistro de saídas 16/1226, 16/1227, 16/1228 e 16/1229, remítense escritos ás entidades bancarias ABANCA, Banco Sabadell, Banco Pastor, SA e BANKIA, nos que se solicitan as condicións económicas pola xestión dos recibos bancarios xerados pola actividade administrativa municipal así como os posibles rendementos polos fondos existentes.

Nas seguintes datas recíbense as ofertas que a continuación se detallan:

1. O día 27 de decembro, con rexistro 16/2842, presenta ABANCA a seguinte oferta:

- Comisión de mantemento e administración: exento
 - Emisión de transferencias SEPA en ficheiro CSB34 por Banca Electrónica: exento
 - Ingreso de cheques: exento
 - Emisión de cheques: exento
 - Remuneración conta corrente: tipo Xunta. Actualmente 0.05% nominal anual
 - Xestión de recibos domiciliados
Xestión de recibos: fixo de 0.10 € por recibo + IVE
Devolución de recibos: fixo de 0.10 € por recibo + IVE
 - TPV físico básico (tlf. ou ADSL) instalado na casa do concello:
Taxa de desconto: 0.20€ sobre o importe da cada venda e sen mínimos
 - Comisión de mantemento: exento
 - Comisión de inactividade: exento
 - Comisión de instalación: exento
- As condicións ofertadas terán unha validez de 12 meses.

2. O día 28 de decembro, con rexistro 16/2869, presenta o Banco Pastor a seguinte oferta:

- Tipo de interese nominal por saldos acreedores: 0.05%
- Emisión de remesas de recibos a través da Banca Electrónica: exento
- Comisión por transferencias SEPA emitidas desde Banca Electrónica: exención.
- Comisión de 1 euro en caso de emisión desde oficina.
- Comisión de ingreso de cheques nacionais: exento

3. O día 28 de decembro, con rexistro 16/2868, presenta o Banco Sabadell a seguinte oferta:

- Comisión mantemento, administración e apunte: exento
- Comisión emisión transferencias: exenta
- Comisión ingreso cheques: exenta
- Recibos domiciliados C-19:
Comisión por emisión: exenta
Comisión devolución: exenta
- Tipo interese actual cta. operativa: 0.02% TAE (o tipo de interese revisarase á alza ou á baixa segundo evolución do mercado)

4. O día 28 de decembro, con rexistro 16/2867, presenta BANKIA a seguinte oferta:

- Comisión por mantemento e administración de conta: 0 €
- Comisión por transferencias: 0 €
- Por caderno 34 (nóminas e outros pagamentos): 0 €
- Por presentación e devolución de recibos (caderno 19): 0 €
- Remuneración do 0.08% en contas do sector público

Estas condicións terán unha vixencia de 12 meses.

Feita a análise das ofertas presentadas e considerando a máis vantaxosa para o concello, a Xunta de Goberno, acorda:

1. Aceptar a oferta presentada por BANKIA, nas condicións sinaladas no apartado 1 dos antecedentes e durante un prazo de 1 (un) ano a contar desde o seguinte día de comunicarlle este acordo á entidade bancaria.

2. Comunicar este acordo a BANKIA e ás demais entidades bancarias que se presentaron.

15.Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ós exercicios orzamentarios indicados:

Con cargo ó ano 2016

Núm .	Proveedor	Partida	Importe
1	Montaxes Eléctricos Fernández,SL – Reposición de farol na travesía do Forte – ingreso realizado pola compañía Mapfre	153.2.21200	838,90
2	Churros Camporrapado – Chocolate con churros para Cabalgata de Reis ano 2016	334.226.09	597,00
3	La Rosaleda De La Coruña – Recollida dun can abandonado o día 9/12/16	920.22799	151,25
4	Ferretería Torres – Materiais varios para mantementos municipais	920.21200	575,91
5	Transportes Mosquera – Aluguer autobús para participantes I Descenso Colesterol	334.22300	100,00
6	Transportes Mosquera – Aluguer autobús para traslado do CF Pontes Camporrapado e ós seus seguidores á Aguiño	334.22300	325,00
7	Disprex, SL – Caramelos para a cabalgata de reis 2017	334.226.09	194,70
8	Piccadilly School of English, SL – Clases de inglés mes de decembro – segundo contrato	334.226.09	1.488,00
9	Fornecementos Galegos – Custo copias en cor realizadas no ano 2016 + excesos do contratado en B/N	920.213.00	1.397,84
10	Casa Almarthi – Comidas – Agasallo concurso fotografía - Paisaxes de Boqueixón	332.1.22699	100,00
11	Lindeiros, SC – Cobertura informativa Lindeiros.gal do 7 de decembro 16 ó 7 de xaneiro do 17	432.22602	363,00
12	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de decembro 2016- segundo contrato	231.22799	299,25
13	Casa Castro de Lamas,SC – Varios de alimentación para xuntanza novos veciños de Lestedo	912.226.01	31,23
14	Casa Castro de Lamas,SC – Varios de alimentación para programa Deseñando o teu futuro	241.221.05	17,13
15	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez – traslados asistencia a xuntanzas temas municipais varios	920.23020	65,33
16	Gasóleos S. Benito, SL – Gasolinas para maquinaria concello	920.22103	131,22
17	Cogami – Recollida de residuos mes de decembro 2016	162.3.21200	388,98
		Importe	7.064,74

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
18	Telefónica Móviles, SA – Conceptos fora da tarifa plana do 18/11/16 ó 17/12/16	920.22200	132,72
19	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión : fax + adsl + móbiles do 18/11/16 ó 17/12/16	920.22200	455,44
20	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnico – urbanística mes de decembro	151.227.06	1.917,85
21	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de decembro 2016	920.22201	364,88
		Importe	2.870,89

Con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
22	Ascensores Enor, SA- Mantemento ascensor concello mes de xaneiro	920.21300	78,23
23	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor CPI Antonio Orza Couto mes de xaneiro	320.21300	78,24
24	Compostelana de Gas 2011, SL – Cargas de gas para pavillón do Forte + campo de fútbol	342.22102	258,75
		Importe	415,22

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 1.987,96 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orçamento do ano 2016.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN161200116158	ES0221000001007059GW0F	222,47	Lugar da Baiuca, S.N	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116159	ES0221000001007050AQ0F	399,30	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116160	ES0221000001007061GG0F	499,16	Lg. Ponte Ledesma S/N	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN161200035534	ES0111000009313060CD0F	245,98	Centro Cultural Camporrapado	07/12/16	01/11/16 a 01/12/16
1CSN161200116148	ES0221000001005012FW0F	588,44	Lugar Noente, S/N	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16
1CSN161200116150	ES0221000001005007YC0F	32,61	Local Social de Noente	31/12/16	31/10/16 a 30/12/16

Aprobación de facturas con cargo a subvencións

Actividades Culturais 2016

Importe: 8.047,47 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria 334.226.09

Núm.	Proveedor	Importe
1	Infor- Byte – Curso de novas tecnoloxías e informática	1.276,50

Investimentos Culturais 2016

Importe: 4.391,69 euros

Deputación da Coruña
Partida presupostaria 933.625.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Ricarsat, SL – Micrófonos e pes para a Casa de Cultura de Camporrapado	311,91
2	Alvaro, SLL – Instalación de estores na Casa de Cultura de Camporrapado	3.010,00

Plan escolas deportivas 2016
Importe: 4.991,12 euros
Deputación da Coruña
Partida presupostaria 341.22609

Núm.	Proveedor	Importe
1	Electro Lestedo, SL – Balóns de fútbol, trofeo interparroquial e camisetas	608,17

Pagamento do convenio asinado coa Fundación Amigos de Galicia

Na Xunta de Goberno do día 18 de febreiro de 2016, aprobou o texto do convenio que se asina co a Fundación Amigos de Galicia para levar a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade para as persoas que desde o Departamento de Servizos Sociais se propoñan.

O importe que debe achegar o concello é de 2.300 euros, que se aboarán con cargo á partida 231.48000 do orzamento do ano 2016.

Segundo consta no convenio, o pagamento farase unha vez que a fundación presente unha memoria especificando o cumprimento do obxectivo e que se acredite o gasto realizado por importe igual ou superior á cantidade concedida.

Con data 16 de decembro, a Fundación presenta a memoria correspondente, polo que procede o pagamento da subvención concedida, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar o pagamento da subvención concedida á Fundación Amigos de Galicia, que figura no convenio asinado con data 5 de febreiro de 2016, por importe de 2.300,00 euros.

2 Facer o pagamento da subvención con cargo á partida 231.48000 do orzamento do ano 2016.

16.Modificación imputación de factura emitida por “Gráficas Alonso” SL, aprobada en Xunta de Goberno do 2/06/2016.

Na xunta de goberno que tivo lugar o día 2 de xuño de 2016, acordouse aprobar a factura nº A15/718 emitida por Gráficas Alonso, S.L polo importe de 413,92 € e polo concepto de 150 libros “Xosé Neira Vilas”.

Así mesmo, en dita sesión acordouse imputar o custo á subvención que concedeu a Deputación para actividades culturais (8.047,47 €).

Por outro lado, no DOG do 9 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Orde do 22 de decembro de 2016 polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos, para mellora de colección bibliográfica das bibliotecas públicas.

Para poder participar neste programa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é requisito imprescindible que o concello, entre o período comprendido entre

o 1 de maio e o 31 de decembro de 2016, teña realizado un investimento na adquisición de fondos bibliográficos con destino á biblioteca, con cargo ao orzamento municipal, por importe igual ou superior ao 20% da cantidade máxima que se pode conceder segundo o artigo 7 da Orde. Este artigo establece que a contía indicativa inicial da subvención determinarase en función do número de habitantes, sendo os de entre 2001 a 5000, un máximo de 1.500 €.

Tendo en conta, que o gasto en actividades culturais a xustificar ante a deputación supera os 8.047,47 €, exclúese deste programa da deputación o importe de 313,92 € co fin de poder xustificar o gasto do 20% a cargo do concello e solicitar a subvención correspondente á Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno, acorda:

1. Modificar o acordo adoptado pola xunta de goberno que tivo lugar o 2 de xuño do 2016, no apartado referido á aprobación de facturas con cargo a subvención para actividades culturais 2016 da deputación, e consecuentemente imputar a esta subvención da deputación só o importe de 100,00 € correspondente á factura nº A125/718 emitida por Artes Gráficas, S.L (413,92 €) polo concepto de 150 libros “Xosé Neira Vilas”.
2. Aboar o importe restante de 313,92 , correspondente á referida factura, con cargo aos fondos municipais.
3. Comunicar este acordo aos departamentos de cultura, secretaria - intervención e tesourería.

17.Aprobación certificación de obra

O día 7 de novembro de 2016, foi asinado o contrato entre esta entidade e a empresa Martínez Montes e Hijos, SL para realizar a obra arriba mencionada. O importe de adxudicación foi de 48.279,00 euros. Esta obra está incluída no plan PAS 2015 financiada na súa totalidade pola Deputación da Coruña.

O día 10 de xaneiro, a empresa entregou no rexistro municipal a certificación núm. 1 da obra, por importe de 22.483,03 euros. Tamén se recibiu a correspondente factura electrónica polo mesmo importe.

Polo tanto, para proceder co pagamento da certificación, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 da obra Camiño de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros, por importe de 22.483,03 euros. Así mesmo, aprobar o pagamento da factura correspondente emitida polo mesmo concepto e importe.

2 Facer o pagamento da factura con cargo á axuda concedida pola Deputación da Coruña e consignada no orzamento do ano 2016

18. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe
O alcalde